Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO CONSELLO SOCIAL DO 19.02.2026

LUGAR: Sala de xuntas do 2º andar do edificio Exeria, campus de Vigo
DATA: 19.02.2026

HORA DE COMEZO: 12:00 h.
HORA DE REMATE: 13:15 h.

LISTA DE ASISTENTES

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)
Bravo Bosch, María José
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
López Fernández, Yolanda
Ortiz Álvarez, Ana María

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

DESCULPAN ASISTENCIA

Blanco Gómez, César

NON ASISTEN

Crespo Tobío, Silvia

O xoves, día 19 de febreiro de 2026, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11.09.2025).
2. Informe do presidente.
   Axudas 2025. Comparativa co 2024. Axudas á UVigo.
   Informe GUESSS. A medida do emprendemento na UVigo.
3. Renovación da web do Consello Social. Presentación da proposta de contidos e utilidades. Deseños. Orzamento.
4. Aprobación, se procede, da asignación de axudas a Prácticums, consonte convocatoria do Consello Social para 2026.
5. Aprobación, se procede, dunha axuda do Consello Social para a financiación dos cursos "eDestrezas" que aportan competencias dixitais ao alumnado, PTXAS e PDI.
6. Acordo que proceda sobre a petición de apoio ao proxecto de divulgación científica "CinVigo. Ciencia na rúa", para fomentar vocacións científicas en Secundaria e Bacharelato.
7. Acordo que proceda sobre a petición de apoio a un proxecto para detectar e abordar un trastorno de aprendizaxe das matemáticas -Discalculia-, mediante estudos piloto nas aulas de educación primaria de Galicia.
8. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda, presentada pola Facultade de Filoloxía e Tradución, para conmemorar o día do libro no Paraninfo da UVigo.
9. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao Congreso internacional "Escrituras potenciais: o ordinario e o infraordinario", no edifico Redeiras.
10. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para organizar o ciclo "Cine e Xustiza", en facultades dos campus de Vigo e Ourense.
11. Acordo que proceda sobre a petición para desenvolver unha xornada de formación combinada para o alumnado das facultades de Filoloxía e Tradución e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
12. Acordo que proceda sobre a petición de axuda da Escola de Enxeñaría Industrial para organizar unha Competición de robots, co obxectivo de fomentar as actividades STEAM en colexios e institutos de Galicia.
13. Proposta de renovación do servizo técnico para mantemento informático e actualización continuada dos escritos e gráficas da web do Consello Social.
14. Aprobación, se procede, da dotación económica que corresponda para a organización da VI edición dos Premios Consello Social_UVigoHumana 2025.
15. Rogos e preguntas.

O presidente agradécelle aos presentes a sua asistencia e a Lois Rodríguez a súa comparecencia para presentar o punto 3 da sesión e ofrecer as aclaracións pertinentes.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11.09.2025).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.
Axudas 2025. Comparativa co 2024. Axudas á UVigo.
Informe GUESSS. A medida do emprendemento na UVigo.

Ernesto Pedrosa comenta brevemente a documentación remitida aos membros neste punto. Dunha parte o resumo das axudas concedidas en 2025, desagregadas por vicerreitorías, xunto cunha comparativa da evolución das axudas concedidas dende 2019, que suman case un millón e medio de euros.

Doutra parte dá conta do informe GUESSS, un estudo elaborado polas profesoras Mª Isabel Diéguez e Ana Gueimonde e polo profesor e director da Área de Calidade Joaquín Collazo, coa colaboración do Consello Social, no que participaron 4.600 estudantes dos tres campus da UVigo, é dicir, o 22,11% do total do alumnado da institución. GUESSS é o proxecto de investigación colaborativa internacional máis importante do mundo no ámbito emprendedor. No caso da UVigo un dato relevante das conclusión é que o 10% do alumnado quere emprender cando remate os seus estudos, unha porcentaxe que se incrementa moito, ata o 19%, se se contempla, como momento de referencia, os cinco anos posteriores ao remate dos estudos. Para as universidades, os datos son de gran utilidade porque constitúen unha radiografía do comportamento e intención de emprender do alumnado e permiten avaliar a estratexia arredor do emprendemento.

PUNTO 3

Renovación da web do Consello Social. Presentación da proposta de contidos e utilidades. Deseños. Orzamento.

Consonte explica o responsable da web do Consello Social, despois de case oito anos de vida, a web precisa necesariamente dunha renovación, obrigada por condicionantes informáticos de carácter técnico. Nas actuais circunstancias resulta imposible actualizar a páxina, e a única solución sería reescribila informaticamente por completo. Nesta conxuntura ábrese a oportunidade de mellorar a aparencia, aproveitar os avances en usabilidade e navegación e incorporar novas funcionalidades e utilidades que se botan en falta para que a web siga a ser unha ferramenta comunicativa útil e sólida, aproveitando a experiencia e rastrexabilidade de quen se encargou de darlle forma estes últimos anos, e co compromiso de preservar e incorporar na nova páxina os contidos actuais.

Lois Rodríguez amosa graficamente a estrutura de contidos, as utilidades e o deseño da nova web, e dá cumprida resposta ás observacións, suxestións e dubidas dos asistentes.

- ***Asígnase unha dotación máxima de 8.500 € + IVE.***

PUNTO 4

Aprobación, se procede, da asignación de axudas a Prácticums, consonte convocatoria do Consello Social para 2026.

Dá conta o secretario de que o prazo de solicitudes para 2026 pechouse con 14 peticións recibidas, dúas máis que en 2025 e o número máis alto de todas as edicións. Tamén se sitúa en máximos o importe total solicitado que ascende a 73.140 €, fronte aos 51.650 € da edición anterior. Practicamente todas as asignacións que se conceden nesta comisión (exceptuando Historia que pide 1.500 €) se sitúan entre os 2.000 e 2.500 €, adxudicando unha cantidade base igual para todos e ponderando logo o número de alumnado, as actividades externas e a correcta execución da axuda anterior. O importe das cantidades solicitadas vai dende os 3.000 € de Bioloxía ata os 12.100 € de Empresariais e Turismo. Dos 30.000 € asignados en cada convocatoria, os solicitantes que concorreron en 2025 executaron un total de 26.055 €.

Consonte esta evolución, o secretario apunta a conveniencia de incrementar a dotación da convocatoria ata os 35.000 € en 2027. Tras intercambiar opinións e recollendo o sentir xeral, o presidente propón elevalo ao pleno para a súa aprobación.

- ***Apróbase a distribución das axudas para 2026.***
- ***Infórmase favorablemente elevar a dotación da convocatoria ata os 35.000 euros para 2027.***

PUNTO 5

Aprobación, se procede, dunha axuda do Consello Social para a financiación dos cursos "eDestrezas" que aportan competencias dixitais ao alumnado, PTXAS e PDI.

Sinala o presidente que a formación continua neste eido "é xa unha obriga responsable". Auspiciado pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, o programa inclúe cursos de iniciación e fundamentos básicos dos programas informáticos imprescindibles nas actividades académicas e laborais. Ten unha elevada demanda, desenvólvese en formato virtual, cun máximo de 30 alumnos por curso e unha duración de 30 horas durante o segundo cuadrimestre do curso 2025/2026.

- ***Apróbase unha aportación de 10.000 € para o financiamento dos cursos.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a petición de apoio ao proxecto de divulgación científica "CinVigo. Ciencia na rúa", para fomentar vocacións científicas en Secundaria e Bacharelato.

Como resumo do contido na documentación achegada, o presidente sinala que experimentos, proxectos científicos, espectáculos, talleres, obradoiros e concursos volverán ás prazas e rúas de Vigo dentro do "CinVigo. Ciencia na rúa", unha proposta de CINBIO pensada para que mocidade e maiores se sintan partícipes e se acheguen á ciencia dun xeito divertido. Engade que na pasada edición rexistráronse 35 mil visitantes e máis de 800 participantes nos obradoiros científicos infantís.

- ***Apróbase unha axuda de 1.300 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a petición de apoio a un proxecto para detectar e abordar un trastorno de aprendizaxe das matemáticas -Discalculia-, mediante estudos piloto nas aulas de educación primaria de Galicia.

Sintetiza o presidente o contido da solicitude deste punto manifestando que a discalculia é un dos trastornos máis habituais que dificultan a aprendizaxe das habilidades matemáticas, máis concretamente ás aritméticas. Ten unha prevalencia do 6% entre o estudantado galego, semellante a outros trastornos como a dislexia, pero préstaselle escasa atención. Profesores da UVigo abordan un proxecto para estudar a incidencia nas aulas galegas de Primaria, e elaborar unha guía de actuación para docentes e familias.

- ***Concédese unha aportación de 2.000 €.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda, presentada pola Facultade de Filoloxía e Tradución, para conmemorar o día do libro no Paraninfo da UVigo.

Profesorado da Facultade de Filoloxía e Tradución prepara un programa, no Paraninfo do campus de Vigo, que inclúe iniciativas como ensinar a que a documentación administrativa se redacte de xeito comprensible, o acceso das persoas cegas ao cine ou reflexionar sobre a palabra e a escoita. A xornada está dirixida ao alumnado da facultade e dos institutos e escolas da contorna, cos que contactarán os organizadores para que se acheguen ao acto, e estará aberta á cidadanía en xeral.

- ***Apróbase unha axuda de 1.000 €.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao Congreso internacional "Escrituras potenciais: o ordinario e o infraordinario", no edificio Redeiras.

Ernesto Pedrosa extracta a documentación do congreso explicando que o departamento de Filoloxía inglesa, francesa e alemá reunirá no edificio Redeiras, en Vigo, a relatores e investigadores de varios países, nun congreso sobre "As escrituras potenciais e a vida corrente", que aspira a redefinir a relación entre literatura, espazo urbano e memoria, abrindo novas perspectivas críticas e creativas. Tamén a expor como as regras da escritura poden renovar a ollada sobre a vida corrente, e crear novas formas de escritura. Paralelamente haberá unha exposición e a implicación de axentes culturais vigueses.

- ***Concédese unha aportación de 1.000 €.***

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para organizar o ciclo "Cine e Xustiza", en facultades dos campus de Vigo e Ourense.

A proposta do ciclo "Cine e Xustiza" pretende achegar ao alumnado, PTXAS e profesorado a posibilidade de debater e reflexionar, en presencial e remoto, sobre conflitos xurídicos mediante historias concretas, contadas a través do cine como ferramenta pedagóxica. O obxectivo é visibilizar as desigualdades estruturais (que afectan de xeito particular ás mulleres, persoas vulnerables ou con discapacidade) e validar o Dereito como instrumento de garantía de dereitos e de transformación social.

- ***Apróbase unha axuda de 1.000 €.***

PUNTO 11

Acordo que proceda sobre a petición para desenvolver unha xornada de formación combinada para o alumnado das facultades de Filoloxía e Tradución e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Introduce o presidente este punto comentando que profesorado de ambos centros organiza a xornada para que alumnado das dúas titulacións intercambien formación e adquiran coñecementos alternativos e recíprocos. Dunha parte para que o estudantado de Tradución coñeza mellor o campo xurídico para poder exercer de intérpretes xurados; doutra para entender os dereitos lingüísticos das persoas implicadas en procesos xudiciais. A iniciativa chega á terceira edición, aberta tamén ao público en xeral, como exemplo de colaboración formativa combinada entre centros distintos da UVigo.

- ***Apróbase unha aportación de 600 €.***

PUNTO 12

Acordo que proceda sobre a petición de axuda da Escola de Enxeñaría Industrial para organizar unha Competición de robots, co obxectivo de fomentar as actividades STEAM en colexios e institutos de Galicia.

A Escola de Enxeñaría Industrial pretende, coa organización da "Competición de robots", atraer ao alumnado de Ensino Secundario e Bacharelato a través dunha actividade divertida e colaborativa, facilitando a auto-aprendizaxe no deseño, construción e programación de robots. Apoiada en anteriores edicións polo Consello Social, está orientada aos centros de Galicia, mediante concursos que poñan a proba o talento e creatividade dos participantes. A competición ten tamén como obxectivo desenvolver competencias transversais, conectar ao estudantado de distintas disciplinas e eliminar a discriminación por razón de sexo.

- ***Apróbase unha aportación de 1.000 €.***

PUNTO 13

Proposta de renovación do servizo técnico para mantemento informático e actualización continuada dos escritos e gráficas da web do Consello Social.

Proponse renovar a contratación externa da actualización de contidos na web, o mantemento e a comunicación e presenza informativa das iniciativas e presencias que desenvolve o Consello Social, e máis nomeadamente o seu presidente, de xeito que se poida garantir que a páxina estea permanentemente actualizada e dea resposta axeitada ás necesidades actuais, á visibilidade e aos públicos de interese. A maiores, implementouse na web unha zona privada, accesible con identificador e clave, onde se pode localizar a documentación previa a cada reunión, ademais dun repositorio de toda a documentación actual e histórica dende o ano 2018. Prevese unha revisión semestral dos resultados do traballo.

- ***Asígnanse 2.000 €+IVE trimestrais durante 2026.***

PUNTO 14

Aprobación, se procede, da dotación económica que corresponda para a organización da VI edición dos Premios Consello Social_UVigoHumana 2025.

Estes premios, que chegan á súa sexta edición, están destinados a recoñecer o labor desenvolvido por persoas físicas, institucións e organizacións non gobernamentais, tanto galegas como internacionais, que teñan destacado pola súa traxectoria en calquera ámbito vencellado coa solidariedade, a cooperación e o voluntariado. O acto de entrega dos recoñecementos farase conxuntamente coa entrega dos mellores TFG-TFM da UVigo en materia de Axenda 2030, responsabilidade social e cooperación. O presidente eloxia o traballo e a visibilidade que se lle están a dar a estes premios, e a organización do acto no que se entregan, no que o Consello Social ten unha presenza destacada.

- ***Achégase unha aportación de 2.700 €.***

PUNTO 15

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas do 19 de febreiro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado na data da sinatura dixital)

ERNESTO PEDROSA SILVA
Firmado digitalmente por ERNESTO PEDROSA SILVA
Fecha: 2026.04.13 13:08:47 +02'00'

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado na data da sinatura dixital)

RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Firmado digitalmente por RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Fecha: 2026.04.13 16:59:18 +02'00'